

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 06 DE NOVEMBRO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:15 do día Seis de Novembro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 06/11/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202510/403

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 28/10/2025. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE MODIFICACIÓN DEL PROYECTO DE LA FÁBRICA DE SALAZÓN, DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN DE UN MIRADOR-PUNTO DE INTERPRETACIÓN DEL PAISAJE EN PUNTA CASTRO (PRTR-EU NEXT GENERATION)"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202510/457

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 30/10/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO “TREMENDO SHOW””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/016

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/11/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA (POS+2025)”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/017

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/11/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBSTITUCIÓN DO ASCENSOR PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA CASA DO CONCELLO DE RIBEIRA”

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/11/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO DE BALLET “EL LAGO DE LOS CISNES””

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/11/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO DE BALLET “EL CASCANUECES””

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202511/032

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/11/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA AGRIÑA (PALMEIRA) -POS+2025”



9.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE - Supermercados Ribeira & Aguiño, S.L.

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA SUPERMERCADO** no lugar de **Rúa Sálvora, nº 88, baixo, Aguiño, Ribeira** e do que é promotor a entidade **SUPERMERCADOS RIBEIRA & AGUIÑO, S.L.** (anterior titular: **"SUPERMERCADO ETELVINA, S. L."**, que xa ven de unha apertura anteior EXPTE 44/16-EPIG. 6473), e tendo en conta os seguintes

I ANTECEDENTES DE FEITO:

- Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecimientos aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de setembro. Art. 20
- LEY 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Art. 69
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Art. 21.1.q
- Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Arts. 40-41

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA:- Debemos partir da consideración Legal da licenza de apertura.

Considérase a esta modalidade de licenza como aquela declaración de vontade Municipal, concretada no acto administrativo regulado de outorgamento, polo que se removen os obstáculos que en cada caso limitan o dereito dos cidadáns á liberdade de creación de Empresa, previa adveración da Legalidade de tal actuación a través dun procedemento no que se valoran todas as circunstancias concorrentes, polo que calquera restrición ao preexistente dereito esixirá a constatación por parte da Administración de razóns excepcionais que aconsellen a súa limitación.

Ten o instituto xurídico de licenza administrativa de apertura especial incidencia no efectivo exercicio da liberdade de empresa, en canto queda sometida toda actividade mercantil e industrial ao seu control preventivo na procura permanente do equilibrio entre o lucro privado e as esixencias derivadas do interese xeral. Motivo máis para que esta intervención necesaria se xustifique plenamente naquelas actividades legalmente clasificadas que poidan producir incomodidades, alteren as condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente e ocasionen danos á riqueza pública ou privada, ou impliquen riscos graves para a seguridade das persoas ou bens, protexido constitucionalmente como está no artigo 45 «o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado», así como o correlativo deber xeral de velar polo mesmo que asumen todos os poderes públicos

Encadrar, por tanto, a licenza de apertura como variedade das chamadas «autorizacións de funcionamento», significa que aquela non esgota todos os seus efectos xurídicos no acto en si de outorgamento, senón que orixina una relación continua do Promotor coa Administración, prolongada en sucesivas revisións que sexan conformes á primeira apreciación.

Neste sentido a Sentenza **do Tribunal Supremo de 12 de novembro de 1992**, que afirma que «é reiterada a Xurisprudencia deste Tribunal que afirma que as licenzas reguladas no



*Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, constitúen un suposto típico das denominadas autorizacións de funcionamento que, en canto talles, non establecen una relación momentánea entre Administración autorizante e suxeito autorizado, senón que xeran un vínculo permanente encamiñado a que a Administración protexa adecuadamente en todo momento o interese público asegurándoo fronte ás posibles continxencias que poidan aparecer no futuro exercicio da actividade». En igual sentido existe abundante Xurisprudencia, como **a Sentenza do Tribunal Supremo de 8 de outubro de 1988** (Arz. 7455) conforme á cal «as licenzas reguladas neste Regulamento (RAM) constitúen un suposto típico de autorización de funcionamento; despois de que autorizan o desenvolvemento dunha actividade ao longo do tempo xeran una relación permanente coa Administración, que en todo momento poderá acordar o preciso para que a actividade se axuste ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de licenzas».*

Así pois no caso que nos ocupa as actividades, como xa indicamos, ten licenza de apertura pero deberán cumprir, a data de hoxe, todas as esixencias Legais que sexan de aplicación.

O Concello, con motivo da comunicación do cambio de titular ou con ocasión dos seus deberes de inspección, pode realizar as inspeccións que estime oportuno e pode requirirse ao titular para que axuste toda a actividade ás esixencias Legais que dimanen da Lexislación e Ordenanzas hoxe vixentes.

En definitiva, as licenzas de actividades clasificadas non poden considerarse definitivas no máis amplo sentido da palabra. Una vez en funcionamento o Concello debe vixiar o cumprimento das condicións e esixencias Legais e se non hai máis remedio pode chegar a revogar a licenza. Neste sentido a **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza Andalucía de 20 de febreiro de 1995**: O vínculo permanente das licenzas de apertura en canto autorizacións de funcionamento, faculta ao Concello a esixir nos supostos de petición de reapertura de actividade, as medidas correctoras necesarias para salvar deficiencias e que veñen esixidas por disposicións posteriores á data de concesión da licenza inicial.

Con motivo da inspección efectuada ao establecemento en cuestión, os técnicos Municipais deberán comprobar o cumprimento ou non da normativa reguladora da actividade de que se trate e se se observan deficiencias na mesma. No caso de que se observen deficiencias, notificaranse ao prestador para a súa emenda, continuándose o trámite ata que leven a cabo as mesmas, ou ben determinar a imposibilidade de continuar no exercicio da actividade, ordenando o cesamento da mesma.

Con todo, á vez que debe esixirse o fiel cumprimento das condicións de funcionamento da actividade en cuestión, debe esixirse á Administración actuante o respecto ás garantías do procedemento. A actuación Municipal debe estar presidida polos principios informadores de todo expediente administrativo: contradición, motivación, audiencia e non indefensión do interesado.

Neste sentido se a Corporación considerase que se están incumprindo as condicións da licenza de apertura, debe de indicar ao interesado as deficiencias observadas e outorgarlle un prazo de emenda, o axeitado ás circunstancias concorrentes, sen poder suspender a actividade sen comprobar previamente o incumprimento da orde de emenda.

Respecto ao resto de medidas correctoras que proceda esixir as mesmas deben ter un fundamento Legal, é dicir a esixencia das mesmas debe estar Legalmente prevista, debendo ser a acta de inspección a que determine o cumprimento da normativa aplicable ou non e se se observan deficiencias requirir ao titular para que as emende se iso é posible.

O que non pode admitirse en dereito é que, ante unha situación aparentemente irregular, reaccíonese sen respectar as mínimas garantías, provocando na práctica un peche indefinido dun local ao non indicarse as deficiencias a corrixir nin posibilitar a súa emenda, coa consecuente inseguridade xurídica e indefensión do presunto infractor.



En tal sentido debe ser a acta de inspección a que determine as diversas anomalías apreciadas e requírase polo Concello a emenda ao titular da actividade outorgándose o prazo para a súa corrección, transcorrido o cal se comprobará se se corrixiron as posibles irregularidades. Será nese momento no que se inicie, no seu caso, o procedemento correspondente para clausurar a actividade e a suspensión da licenza de apertura, no seu caso

SEGUNDA:- Polo que respecta ó expediente en cuestión cumpre dicir que o cambio de titularidade da actividade ou do establecemento será comunicado por escrito pola nova persoa titular ao concello ante o que se presentou a comunicación previa ao comezo da actividade ou á apertura do establecemento, aspecto este cumprido a través de documentación presentada para **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA SUPERMERCADO** no lugar de **Rúa Sálvora, nº 88, baixo, Aguiño, Ribeira** e do que é promotor a entidade **SUPERMERCADOS RIBEIRA & AGUIÑO, S.L.** (anterior titular: **"SUPERMERCADO ETELVINA, S.L.", QUE XA VEN DUNHA APERTURA ANTEIOR EXPTE 44/16-EPIG. 6473)**

TERCEIRA:- Na comunicación do cambio de titularidade bastará incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, no seu caso, dos que se tramitaron para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento, aspectos todos que se contemplan no expediente de referencia.

CUARTA:- A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos aos que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento no que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data na que leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo. No caso de que a nova persoa titular non presente dita comunicación, a anterior persoa titular eximirase de toda responsabilidade se acredita ante a Administración o cambio de titularidade por calquera medio admisible en dereito.

IV RESOLUCIÓN

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade para **SUPERMERCADO** no lugar de **Rúa Sálvora, nº 88, baixo, Aguiño, Ribeira** e do que é promotor a entidade **SUPERMERCADOS RIBEIRA & AGUIÑO, S.L.** (anterior titular: **"SUPERMERCADO ETELVINA, S.L." QUE XA VEN DUNHA APERTURA ANTERIOR EXPTE 44/16-EPIG. 6473**).

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás



esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificar o presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicar o presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

10.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Lucía Vilas Patiño

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA CAFES E BARES** no lugar de **RÚA MANZANARES, 19, BAIXO, RIBEIRA** e do que é promotor **DNA. LUCÍA VILAS PATIÑO** (anterior titular: MANUELA BANDE CHOUZA, **EXP. LICENZA APERTURA 5/2009**, Decreto de alcaldía de data 24/03/2009), e tendo en conta os seguintes

I ANTECEDENTES DE FEITO:

- Reglamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de setembro. Art. 20
- LEY 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Art. 69
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Art. 21.1.q
- Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Arts. 40-41

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA:- Debemos partir da consideración Legal da licenza de apertura.



Considérase a esta modalidade de licenza como aquela declaración de vontade Municipal, concretada no acto administrativo regulado de outorgamento, polo que se removen os obstáculos que en cada caso limitan o dereito dos cidadáns á liberdade de creación de Empresa, previa adveración da Legalidade de tal actuación a través dun procedemento no que se valoran todas as circunstancias concorrentes, polo que calquera restrición ao preexistente dereito esixirá a constatación por parte da Administración de razóns excepcionais que aconsellen a súa limitación.

Ten o instituto xurídico de licenza administrativa de apertura especial incidencia no efectivo exercicio da liberdade de empresa, en canto queda sometida toda actividade mercantil e industrial ao seu control preventivo na procura permanente do equilibrio entre o lucro privado e as esixencias derivadas do interese xeral. Motivo máis para que esta intervención necesaria se xustifique plenamente naquelas actividades legalmente clasificadas que poidan producir incomodidades, alteren as condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente e ocasionen danos á riqueza pública ou privada, ou impliquen riscos graves para a seguridade das persoas ou bens, protexido constitucionalmente como está no artigo 45 «o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado», así como o correlativo deber xeral de velar polo mesmo que asumen todos os poderes públicos

Encadrar, por tanto, a licenza de apertura como variedade das chamadas «autorizacións de funcionamento», significa que aquela non esgota todos os seus efectos xurídicos no acto en si de outorgamento, senón que orixina una relación continua do Promotor coa Administración, prolongada en sucesivas revisións que sexan conformes á primeira apreciación.

Neste sentido a Sentenza **do Tribunal Supremo de 12 de novembro de 1992**, que afirma que «*é reiterada a Xurisprudencia deste Tribunal que afirma que as licenzas reguladas no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, constitúen un suposto típico das denominadas autorizacións de funcionamento que, en canto talles, non establecen una relación momentánea entre Administración autorizante e suxeito autorizado, senón que xeran un vínculo permanente encamiñado a que a Administración protexa adecuadamente en todo momento o interese público asegurándoo fronte ás posibles continxencias que poidan aparecer no futuro exercicio da actividade*». En igual sentido existe abundante Xurisprudencia, como a **Sentenza do Tribunal Supremo de 8 de outubro de 1988** (Arz. 7455) conforme á cal «*as licenzas reguladas neste Regulamento (RAM) constitúen un suposto típico de autorización de funcionamento; despois de que autorizan o desenvolvemento dunha actividade ao longo do tempo xeran una relación permanente coa Administración, que en todo momento poderá acordar o preciso para que a actividade se axuste ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de licenzas*».

Así pois no caso que nos ocupa as actividades, como xa indicamos, ten licenza de apertura pero deberán cumprir, a data de hoxe, todas as esixencias Legais que sexan de aplicación.

O Concello, con motivo da comunicación do cambio de titular ou con ocasión dos seus deberes de inspección, pode realizar as inspeccións que estime oportuno e pode requirirse ao titular para que axuste toda a actividade ás esixencias Legais que dimanen da Lexislación e Ordenanzas hoxe vixentes.

En definitiva, as licenzas de actividades clasificadas non poden considerarse definitivas no máis amplo sentido da palabra. Una vez en funcionamento o Concello debe vixiar o cumprimento das condicións e esixencias Legais e se non hai máis remedio pode chegar a revogar a licenza. Neste sentido a Sentenza **do Tribunal Superior de Xustiza Andalucía de 20 de febreiro de 1995**: O vínculo permanente das licenzas de apertura en canto autorizacións de funcionamento, faculta ao Concello a esixir nos supostos de petición de reapertura de



actividade, as medidas correctoras necesarias para salvar deficiencias e que veñen esixidas por disposicións posteriores á data de concesión da licenza inicial.

Con motivo da inspección efectuada ao establecemento en cuestión, os técnicos Municipais deberán comprobar o cumprimento ou non da normativa reguladora da actividade de que se trate e se se observan deficiencias na mesma. No caso de que se observen deficiencias, notificaranse ao prestador para a súa emenda, continuándose o trámite ata que leven a cabo as mesmas, ou ben determinar a imposibilidade de continuar no exercicio da actividade, ordenando o cesamento da mesma.

Con todo, á vez que debe esixirse o fiel cumprimento das condicións de funcionamento da actividade en cuestión, debe esixirse á Administración actuante o respecto ás garantías do procedemento. A actuación Municipal debe estar presidida polos principios informadores de todo expediente administrativo: contradición, motivación, audiencia e non indefensión do interesado.

Neste sentido se a Corporación considerase que se están incumprindo as condicións da licenza de apertura, debe de indicar ao interesado as deficiencias observadas e outorgarlle un prazo de emenda, o axeitado ás circunstancias concorrentes, sen poder suspender a actividade sen comprobar previamente o incumprimento da orde de emenda.

Respecto ao resto de medidas correctoras que proceda esixir as mesmas deben ter un fundamento Legal, é dicir a esixencia das mesmas debe estar Legalmente prevista, debendo ser a acta de inspección a que determine o cumprimento da normativa aplicable ou non e se se observan deficiencias requirir ao titular para que as emende se iso é posible.

O que non pode admitirse en dereito é que, ante unha situación aparentemente irregular, reaccíonese sen respectar as mínimas garantías, provocando na práctica un peche indefinido dun local ao non indicarse as deficiencias a corrixir nin posibilitar a súa emenda, coa consecuente inseguridade xurídica e indefensión do presunto infractor.

En tal sentido debe ser a acta de inspección a que determine as diversas anomalías apreciadas e requírase polo Concello a emenda ao titular da actividade outorgándose o prazo para a súa corrección, transcorrido o cal se comprobará se se corrixiron as posibles irregularidades. Será nese momento no que se inicie, no seu caso, o procedemento correspondente para clausurar a actividade e a suspensión da licenza de apertura, no seu caso.

SEGUNDA:- Polo que respecta ó expediente en cuestión cumpre dicir que o cambio de titularidade da actividade ou do establecemento será comunicado por escrito pola nova persoa titular ao concello ante o que se presentou a comunicación previa ao comenzo da actividade ou á apertura do establecemento, aspecto este cumprido a través de documentación presentada para **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA CAFES Y BARES** no lugar de **RÚA MANZANARES, 19, BAIXO, RIBEIRA** e do que é promotor **DNA . LUCIA VILAS PATIÑO** (anterior titular: **MANUELA BANDE CHOUZA, EXP LICENZA APERTURA 5/2009, Decreto de alcaldía de data 24/03/2009**).

TERCEIRA:-Na comunicación do cambio de titularidade bastará incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, no seu caso, dos que se tramitaron para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento, aspectos todos que se contemplan no expediente de referencia.

CUARTA:-A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos aos que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento no que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da



data na que leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo. No caso de que a nova persoa titular non presente dita comunicación, a anterior persoa titular eximirase de toda responsabilidade se acredita ante a Administración o cambio de titularidade por calquera medio admisible en dereito.

IV RESOLUCIÓN

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo secretario xeral da corporación, de data 03/11/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECIMENTO** do **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA CAFES Y BARES** no lugar de **RÚA MANZANARES, 19, BAIXO, RIBEIRA** e do que é promotor **DNA. LUCÍA VILAS PATIÑO** (anterior titular: **MANUELA BANDE CHOUZA, EXP LICENZA APERTURA 5/2009, Decreto de alcaldía de data 24/03/2009**)

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos



SEXTO:-Comunicar o presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2870 05.02.2025 JORGE CAAMAÑO DIOS, colocación de postes na finca, no lugar de Bouciña, Artes.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24527 09.10.2025 FRANCISCO ARGIBAY PÉREZ, terminación de peche na parte traseira, no lugar de Gándara, Oleiros.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

18266 30.07.2025 C.P. GRAL. Nº 82-AVDA. DA CORUÑA, pintado de fachada na Avda. da Coruña, 82, Ribeira.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24498 09.10.2025 DOMINGA MARTÍNEZ ROMERO, apertura de peche con colocación de portal, no lugar de Outeiro, 68, Artes.



15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20170 26.08.2025 MARÍA DEL CARMEN NOVO BOUZÓN, mantemento de fachada, na Avda.Ferrol, nº 102, Ribeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20254 27.08.2025 JOSÉ BENITO VENTOSO RIVAS, colocación de postes en finca, no lugar de Ribadon, Castiñeiras.

Asímesmo, segundo o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 03/11/2025, se lle informe que:

" Según o Artigo 89: Viario e alineacións..... Alineacións mínimas: Cando non figuren nos planos de ordenación serán as seguintes:*

- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.

- Para vías de tipo II 8 m. o eixo..

- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.

*- **Para resto de vías 4 m. o eixo.***

- Para camiños peonís 2 m. o eixo.

Estas alienacións tendrán carácter obrigatorio."

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12555 30.05.2025 TERMATEC INNOVACIÓN en repres. de MARIA DE LA ENCARNACIÓN MARIÑO VILLA, instalación de placas solares autoconsumo, no lugar de Carballal, 1, Palmeira.

18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5334 05.03.2025 FRANCISCO LARANGA LAMPÓN, construción de un galpón agrícola



de 135,00 m2., no lugar da Carballa, Palmeira.

19.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. PROMOTOR: MARÍA JOSÉ POUSO ROMAY. LUGAR: LUGAR DE LISTRES – CAMIÑO A FIGUEIRA, AGUIÑO, RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **LISTRES – CAMIÑO A FIGUEIRA, AGUIÑO, RIBEIRA**, da que é promotora **Dna. MARÍA JOSÉ POUSO ROMAY**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de data **3 de setembro de 2025**, así como o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **25 de setembro de 2025**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO: - CONCEDER a **Dna. MARÍA JOSÉ POUSO ROMAY** licenza de obra maior (**Nº 54/25**) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **LISTRES – CAMIÑO A FIGUEIRA, AGUIÑO, RIBEIRA**

*-Deberá adaptarse ás determinacións establecidas polo **arquitecto municipal** no seu informe de data 3 de setembro de 2025,*

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de eficiencia enerxética.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*



-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*



-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



20.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA – Perfecta María Sampedro González

Visto o escrito presentado por **Perfecta María Sampedro González** e **José Francisco Torrado Brión**, de data 20/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.281), no que solicita a devolución da fianza depositada como garantía de obras de reposición de pavimentación polas obras realizadas en Rúa Coroso, 37 B (Palmeira - Ribeira). Expediente 2024/LIC-000023.

Visto o informe favorable emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 28/10/2025.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza depositada por **Perfecta María Sampedro González** como garantía de obras de reposición de pavimentación polas obras realizadas en Rúa Coroso, 37 B (Palmeira - Ribeira). Expediente 2024/LIC-000023, polo importe de 1.034,55 €.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Carlos Santamaría Blanco

Visto o escrito presentado por **Carlos Santamaría Blanco**, de data 29/10/2025 (Rexistro de entrada nº 26.019), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A009001570004XG (LUGAR MÁMOA, Nº 9, PLANTA 2, PUERTA A, CARREIRA, CP 15967, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 30/10/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A009001570004XG (LUGAR MÁMOA, Nº 9, PLANTA 2, PUERTA A, CARREIRA, CP 15967, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – David Romero Ríos

Visto o escrito presentado por **David Romero Ríos**, de data 29/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.970), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A033000150000KI (LUGAR XENXIDES, 21, SAN MARTIÑO-OLEIROS, CP 15993, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 30/10/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que



-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A033000150000KI (LUGAR XENXIDES, 21, SAN MARTIÑO-OLEIROS, CP 15993, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Jo Benjamín Jung

Visto o escrito presentado por **Jo Benjamín Jung**, de data 30/10/2025 (Rexistro de entrada nº 26.089), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 4439202MH9143N0001DZ (LUGAR RÚA FALCATO, Nº 15, CORRUBEDO-CP 15969- RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 30/10/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 4439202MH9143N0001DZ (LUGAR RÚA FALCATO, Nº 15, CORRUBEDO-CP 15969- RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

24.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Canarigal Fuerteventura, S.L.

Visto o expediente que se tramita por escrito presentado por Javier Bemposta Solla en representación de **Canarigal Fuerteventura, S.L.**, de data 24/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.603), no que solicita información urbanística en relación a non ter expedientes abertos e vixenza da licenza nº 87/2007.

Tendo en conta os seguintes

I

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Dubídase da vixencia da **licenza urbanística nº 87/2007**, concedida según acordo da Xunta de Goberno Local de data **22 de febreiro de 2007** a favor da entidade Probemsa S.L para once bloques de 66 vivendas, soto, planta baixa, planta primeira e baixocuberta.

II

LEXISLACIÓN VIXENTE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

- Os artigos 142 e 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 351 e 359 do regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- O artigo 61.1.ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



-O artigo 197 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas modificacións, vixente no momento ós que se refiren os supostos de feito que motivan a emisión do presente informe.

-A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

-Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03.

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. A caducidade é a extinción da eficacia da licenza motivada polo incumprimento dos prazos fixados no acto de outorgamento imputable á persoa interesada (debido á inactividade do mesmo unida ao paso do tempo).

O efecto que produce a caducidade dunha licenza é a imposibilidade de iniciar, ou no seu caso, de continuar a actividade edificatoria (quedan excluídas desta prohibición as obras iniciadas ou ordenadas coa finalidade de garantir a seguridade das persoas e os bens ou o valor da edificación xa realizada).

Segunda. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, as licenzas outorgaranse por un prazo determinado tanto para iniciar como para finalizar os actos amparados polas mesmas.

Os prazos para a iniciación e finalización das obras computaranse desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza.

No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder **prórroga** dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, **sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.** Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal tras o procedemento con audiencia á persoa interesada.

Terceira. É consolidado o criterio xurisprudencial (**Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de maio de 1989**) en virtude do cal que **a caducidade das licenzas nunca opera de modo automático,** pois se require dun **acto declarativo,** na medida en que vén truncar unha situación favorable para o administrado, non creada pola licenza, senón preexistente nel, como titular potencial dun dereito subxectivo «*o ius edificandi*».

Di así a citada Sentenza

«O instituto da caducidade das licenzas Municipais debe acollerse con cautela, con criterios de flexibilidade, moderación e restrición, tendo en conta que a caducidade impide o



*exercicio de auténticos dereitos adquiridos, debendo **apreciarse a caducidade da licenza restrictivamente**, conforme ao carácter deste acto e aos principios xerais desta técnica interventora, favorecedores da situación Xurídica do particular»*

A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

En tanto non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde de execución por parte do concello.

Cuarta. O **procedemento** para levar a declaración de caducidade da licenza urbanística é o seguinte:

A. Posto en coñecemento deste Concello o transcurso dos prazos da licenza urbanística e emitido informe polos **Servizos Técnicos Municipais** comprobando os feitos comunicados, os termos da licenza outorgada e a situación na que se atopan as obras na actualidade, por Resolución de Alcaldía decidírase sobre a incoación do expediente de declaración de caducidade.

O órgano competente para resolver pode adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento dos actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

B. Durante a instrución do procedemento **darase audiencia á persoa interesada** para que durante un prazo de *[entre dez e quinze días]* poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

C. Finalizado o trámite de audiencia e tendo en conta as alegacións que poida formular a persoa interesada, **Alcaldía resolverá a declaración de caducidade da licenza urbanística**, ao ser o órgano competente para o outorgamento da mesma conforme ao artigo 61.1.ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e ao artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. A resolución deberá **notificarse á persoa interesada** nun prazo de seis meses desde a notificación da iniciación do procedemento, transcorrido o cal este caducará e deberán archivarase as actuacións, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, quedando sen efecto as medidas provisionais que se adoptaron.

O procedemento será arquivado no caso de que se xustifique a irregularidade que motivou a súa iniciación, e procédase de inmediato a iniciar ou finalizar as obras en prazo razoable a xuízo do órgano competente, agás que se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel salguero del Valle, de data 30/10/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** informar ao/á solicitante como segue:

REF. CATASTRAL: 15074A006017550000KM e 15074A006017550001LQ

En tanto en canto non se declare expresamente a súa caducidade, a día de hoxe a licenza urbanística nº 87/2007, concedida según acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de



febreiro de 2007, a favor da entidade Probemsa, S.L. para once bloques de 66 vivendas, soto, planta baixa, planta primeira e baixocuberta, encóntrase vixente.

25.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Adolfo Ayaso Rey

Visto o escrito presentado por **Adolfo Ayaso Rey**, de data 09/10/2025 (Rexistro de entrada nº 24.546), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 8984125MH9088S, situada en Rúa Manuel Murguía, 15, Aguiño - Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 03/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: AYASO REY ADOLFO

NIF: ***308***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: RU MANUEL MURGUIA 15 - AGUIÑO.

Ref. Catastral: 8984125MH9088S

Plano do PXOM: Planos nº 5.16 e 2.17 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 09.10.205, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 202524546), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-CPP PLANOS.

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en solo urbano.

A parcela consultada atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en hilera**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17



a), aplicarásele o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

05.02.Réxime de cesións o inventario:

Segun o establecido para o Solo de Urbano na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG).....

No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda ca vía pública do inventario polo Este. Polo tanto segun o artigo 36, nos supostos anteriormente citados é obrigatorio Ceder o terreo fora da alienación.

05.03.Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- NON PRESENTA AFECCIÓN SECTORIAIS

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos



medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.


Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.




Plano nº 5.16 do PXOM. SOLO URBANO





Folla 0151A-0507 do PBA



Planos concesionaria de Viaqua donde esta as Canalizacións de Saneamento e Auga.

26.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – UFD Distribución Electricidad, S.A.

Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Electricidad, S.A.**, de data 17/01/2024 (Rexistro de entrada nº 1.413), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A051010140000KM, situada en Pedra do Pino, Ladeira, Corrubedo - Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 03/11/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

A sociedade UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., solicitou información urbanística da parcela ca referencia catastral 15074A051010140000KM polo que,

Informo,

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 17 de xaneiro de 2024.

Planos de situación e emprazamento da parcela, presentados no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 17 de xaneiro de 2024.



Xustificante de aboamento de taxas, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 17 de xaneiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de informe para autorización de obras de peche de parcela en Pedra do Pino, Ladeira - Corrubedo, indicando a súa referencia catastral, e axuntando a solicitude realizada polo promotor das obras e documentación adxunta.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A051010140000KM, no seu plano 2.10 de Ordenación básica do territorio municipal, Clasificación do solo e usos globais, sistema viario, a escala E:1/5.000 como solo rústico común.

A data de aprobación do PXOM de Ribeira é o día 17 de decembro de 2002.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

As condicións desta Tipoloxía de Solo son:

- Solo Rústico:

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei do solo, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- Muros de contención, así como valado de predios.
- Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de



carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.

- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen reglamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.



- b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
- a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECÇÕES SECTORIAIS

Non constan afeccións sectoriais na parcela ademais das correspondentes á instalación de enerxía eléctrica instalada na parcela.

27.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 0663KHP, POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS/AS OPERARIOS/AS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2025 RESP000002.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ**, en nome e representación da entidade **MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade



patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 21 de agosto de 2024, operarios municipais atopábanse á altura do número 29 da estrada ó Faro, parroquia de Corrubedo, do termo municipal de Ribeira, facendo labores de roza, cando, de súpeto, herbas e pedras saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar na súa labor, batendo contra o vehículo marca Peugeot 508, con placas de matrícula 0663KHP, propiedade de D. Francisco Rodrigo Fresco Triñanes e asegurado na compañía MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. baixo o número de póliza 0558901213 01.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 22/01/2025, co número 202500001554, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados na pintura do automóbil, que cuantifica na contía total de 372,51 €, mais os xuros que legalmente correspondan..

Co seu escrito chega a seguinte documentación: factura T242847 emitida na data 04/10/2024, pola entidade AUTOS DUNAS S.L.; informe pericial de valoración dos danos realizado pola entidade aseguradora; póliza do seguro do automóbil danado; copia do parte de servizo nº 11839, realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira; NIF da entidade reclamante; DNI do Sr. Martínez-Olivares Gómez; e escritura de poder, autorizada na data 01/03/2016 polo Notario, D. José Manuel Lois Puente, co número 434 de protocolo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de Servizo número 11839 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 25/08/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 22/09/2025 polo Capataz de xardíns do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións polas partes interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.



Así mesmo, a entidade **MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Esta última, actúa representada por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de poder autorizada na data 01/03/2016 polo Notario, D. José Manuel Lois Ponte, co número 434 de protocolo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 0663KHP. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local no informe emitido na data 25/08/2025, dispón:**
 - *“(…), fuimos requeridos a través de la Sala Operativa de la Policía Local, comunicando que en la carretera al Faro a la altura del nº 29 de la parroquia de Corrubedo, del concello de Ribeira, se habían producido daños en un vehículo estacionado en la vía pública, provocados por los jardineros del concello, que estaban desbrozando las aceras de la calle, Parte de Servicio con nº 11839, ratificándonos en lo expuesto en el citado Parte de Servicio. En el lugar se realiza una inspección ocular, observando restos de hierbas en la carrocería del vehículo y daños en la pintura, posiblemente provocados por la proyección de los vegetales y piedrecillas, al utilizar las máquinas de desbroce. Que, tras ponernos en contacto con el responsable de los operarios, nos confirma que se estuvo realizando labores de limpieza en la zona referenciada.”*
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 22/09/2025 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** *“El día 21 de agosto de 2024, los operarios de desbroce estuvieron realizando labores de este tipo en la Parroquia de Corrubedo a la altura de estrada del Faro 29, de este término municipal, y durante las mismas se ocasionaron daños en el vehículo PEUGEOT 508 con matrícula 0663KHP en el citado lugar. Se dio cuenta de lo sucedido a la Policía Local (...).”*



Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 0663KHP e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/10/2025, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/10/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 372,51 €, mais os xuros que legalmente correspondan, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscriba polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 222,51 €, mais os xuros que legalmente correspondan.

28.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a MAIDER ESPARZA BORDA, POLAS LESIÓN S SUFRIDAS MENTRES TRANSITABA POLA RÚA NORTE, PARROQUIA DE PALMEIRA. EXPEDIENTE 2023 RESP000029.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a MAIDER ESPARZA BORDA** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 12 de xullo de 2023, D^a Maider Esparza Borda, con DNI número 72805273S, transitaba pola Rúa Norte, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, cando tropezou cunha chapa metálica situada na beirarrúa da citada vía, o que lle ocasionou unha ferida no seu pé dereito.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 13/07/2023 co número 16.988, D^a Maider Esparza Borda, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas, solicitando unha indemnización económica polos danos sufridos.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 21/07/2023 co número 17.518, a Sra. Esparza Borda achega informe médico de data 12/07/2023 sobre a ferida sufrida. O citado informe precisa que a ferida produciuse no pé esquerdo.

Mediante escrito rexistrado de entrada na data 18/12/2023 co número 202300029108, e a requirimento desta administración, a reclamante cuantifica a indemnización que reclama na contía total de 2.000 euros, que inclúe os danos ocasionados e a perda de 10 días de vacacións.



Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 28/02/2024 pola Policía Local; informe emitido na data 29/02/2024 polo capataz do grupo de atención de emerxencias municipais; informe médico de data 12/07/2023; informe médico de data 28/07/2023; acta testemuñal realizada na data 26/07/2024; e informe emitido na data 26/02/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións polas partes interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en



materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Esparza Borda para deducir a reclamación de indemnización polas lesións sufridas.** E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data da curación das súas lesións.

Polo que se refire ao fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada, cómpre ter en conta que **as lesións teñen que ser aceptadas como certas á vista dos informes médicos que achega a reclamante cos seus escritos referidos nos antecedentes de feitos deste informe.**

Da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local non tivo constancia do sucedido.**
- **O capataz do Grupo de Atención de Emerxencias Municipal, en informe emitido na data 29/02/2024, dispón o seguinte:** *"(...) Personados en la calle Rúa do Norte a la altura de la casa número 26, donde **nos encontramos una tapa del alumbrado público en la acera que estaba doblada y salían los bordes hacia fuera de manera peligrosa**, como se puede apreciar en el informe fotográfico. Una vez allí se personó una mujer llamada Maider Esparza Borda (...); relatando que acababa de llegar del centro de salud, donde nos muestra un parte de lesiones (...) del daño sufrido por tropezar con la tapa, en el lugar apreciamos restos de sangre."*
- **A testemuña** proposta pola reclamante dou conta do sucedido tal e como consta na acta da proba testemuñal que se practicou na data 26/07/2024, na que asegura a existencia dunha arqueta que tiña a beira levantada e que se introduciu entre o calzado e o pé da reclamante, o que lle ocasionou a ferida.
- **A enxeñeira municipal dispón o seguinte no informe emitido ó respecto:**
a) Titularidad del lugar del accidente y competencia para su mantenimiento:
El lugar del accidente es la acera de la calle Norte, parroquia de Palmeira, a la altura del inmueble número 26 (...). Esta calle pertenece al vial AC-305, cuya titularidad no es municipal, sino autonómica, por lo que su



mantenimiento y conservación, tanto de la calzada como de las aceras, no corresponde al Ayuntamiento de Ribeira. B) Conocimiento de los hechos por los que se reclama: No se tuvo conocimiento de los hechos objeto de la reclamación. C) Estado del lugar del accidente: Con motivo de la reclamación presentada de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaría general, se procedió a la revisión del tramo de la acera a la altura del número 26 de la Calle Norte, parroquia de Palmeira, observando cierto desgaste en algunas zonas y varios parches en el acerado, pero uniformes y sin diferencia de cota. Asimismo, en el lugar de la caída, se observa una tapa que podría ser del alumbrado público. Dicha tapa, que no ha sido colocada por el departamento municipal de obras, es perfectamente visible por el viandante, no genera ningún desnivel en la acera, y, a la fecha de este informe, está en buen estado, sin que constituya un obstáculo para el transeúnte, (...).

Polo exposto, é ó amparo do informe emitido pola enxeñeira municipal, enténdese que a lexitimación pasiva non corresponde ó Concello de Ribeira, por non ser o titular do lugar no que ocorreu o accidente, e, polo tanto, non ser a Administración responsable da vixilancia, mantemento e conservación do mesmo.

Non cumpríndose todas as cuestións formais e os presupostos xurídicos esenciais da responsabilidade patrimonial, ao fallar a lexitimación pasiva do Concello de Ribeira, non procede entrar nas cuestións de fondo que suscita o expediente, como é a concorrencia ou non dunha relación de causalidade entre os danos acreditados e o funcionamento do servizo público.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 31/10/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Maider Esparza Borda polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

SEGUNDO.- Remitir ás actuacións á administración autonómica e notificar esta circunstancia ós interesados, de conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

29.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a RAMONA M^a ALBORÉS MARIÑO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. MANUEL PAZ ALBORÉS, POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NO PASEO DE COROSO. EXPEDIENTE 2024 RESP000024.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a RAMONA M^a ALBORÉS MARIÑO, en nome e representación do seu fillo D. MANUEL PAZ ALBORÉS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:



FEITOS

Primeiro.- O día 09 de maio de 2024, D. Manuel Paz Alborés, menor de idade, con DNI número 54.228.861-J, circulaba na súa bicicleta polo carril bici do paseo marítimo de Coroso, cando, co fin de esquivar a uns transeúntes que invadiron o carril bici, desprazouse á beira do mesmo, introducindo a roda da bicicleta nunha gabia, o que fixo que caera ó chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, o Sr. Paz Alborés precisou asistencia médica, polo que foi atendido no Servizo Galego de Saúde, por abrasión no cóbado e ferida que precisou dous puntos de sutura.

Ademais das lesións referidas, o Sr. Paz Alborés sufriu danos na bicicleta e no casco que levaba posto no momento do accidente.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/06/2024 co número 202400016298, D^a Ramona M^a Alborés Mariño, en nome e representación do seu fillo D. Manuel Paz Alborés, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e as lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando que se recoñeza a responsabilidade do accidente sufrido e se acorde o abono da indemnización polos danos e prexuízos sufridos, cuxa contía será determinada no momento en que se lle requira.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: informe médico emitido na data 09/05/2024; informe da enfermaría emitido na data 10/06/2024; orzamento de arranxo da bicicleta emitido na data 27/05/2024 por “Ciclos Quintena”; xustificante do pedido do casco realizado na data 23/07/2021; e copia de informe policial realizado por mor do accidente.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 08/04/2025 co número 202500008453, a Sra. Alborés Mariño solicita o abono dunha indemnización por importe total de 6.324,28 euros, que diferencia da seguinte maneira:

- 1.325 € en concepto de gastos de reparación da bicicleta.
- 221,85 € en concepto de gastos de substitución do casco.
- 1.413,50 € en concepto de lesións temporais (días de prexuízo moderado).
- 3.363,97 € en concepto de lesións permanentes (secuelas de prexuízo estético – 3 puntos)

Con este escrito achega a factura do arranxo da bicicleta, emitida na data 26/06/2024 por “Ciclos Quintena”, polo importe de 1.325 euros, así como copia do abono da referida factura, realizado mediante transferencia bancaria. Así mesmo, adxunta unha fotografía das secuelas padecidas polo menor accidentado.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Parte de servizo número 10254 realizado pola Policía Local.
- Acta de declaración de testemuña realizada na data 26/03/2025.
- A documentación presentada polo reclamante, rexistrada de entrada na data 08/04/2025 co número 202500008453.
- Informe emitido na data 23/09/2025 pola enxeñeira municipal.



Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións pola parte reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 15/10/2025 co número 202500024940, e no que reitera a súa petición de indemnización na contía de 6.324,28 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con



arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Ramona M^a Alborés Mariño para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende** por ser o seu fillo, menor de idade, quen ten sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 09/05/2024 cando circulaba coa súa bicicleta, **e fíxoo en tempo e forma idóneas** por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 23/09/2025: *“El lugar del accidente es el Paseo de Coroso, en la parroquia y municipio de Ribeira, de titularidad municipal, por lo que su conservación y mantenimiento son competencia del Ayuntamiento de Ribeira.”* A este respecto, cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo de deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, **o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e as lesións sufridas por Manuel Paz Alborés.** Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante, e da factura de reparación dos danos.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos e as lesións producidos, por canto a reclamante conecta aqueles coa existencia dunha gabia non sinalizada no paseo polo que circulaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1º).- A Policía Local do Concello de Ribeira, en informe emitido na instrución do expediente, dispón o seguinte: *“Que el día 09/05/2024 somos requeridos telefónicamente, donde nos informan de la caída de un ciclista en el carril de bici del paseo de Coroso. De dicha intervención se ha realizado parte de servicio número 10254, el cual se adjunta. En el momento del accidente se observa como en el lateral del carril bici hay una zanja de unos 3 cm de ancho y de 15 cm de profundidad, donde se introdujo la rueda de la bicicleta, la cual tenía 2 cm de ancho, produciéndose así la caída del ciclista, en el parte de servicio adjunto se pueden observar fotografías del estado de la vía. El estado de la vía si fue determinante para la caída del ciclista. No existía ninguna señalización. Los actuantes no detectaron ninguna conducción negligente por parte del ciclista.”*



2º).- No parte de servizo número 10254 realizado pola Policía local, dispónse o seguinte: “Trasladados al paseo marítimo de Coroso, se observa al joven identificado como A de pie apoyado en la pared, mostrando un vendaje en el brazo derecho a la altura del codo. Preguntado por lo ocurrido, el referido manifiesta que cuando circulaba por el carril bici con su bicicleta tipo carretera, al esquivar a unos peatones que caminaban por el citado carril se desliza al borde del mismo introduciendo de inmediato y sin tiempo a reacción la rueda delantera en la zanja existente, realizando una vuelta de campana para terminar en el suelo. Al levantarse se percató que sufriera lesiones en el brazo derecho, siendo auxiliado por los testigos C y D. **Inspeccionado el tramo del carril bici situado entre las calles Vionta y Noro, se observa a lo largo del mismo y en el lateral izquierdo en sentido a Coroso, una zanja de unos 3 cms de ancho y 15 cms de profundidad respecto de la zona peatonal, suficientes para introducir la rueda del ciclo que mide 2 centímetros de ancho. (...) la bicicleta perteneciente a la marca GIANT, modelo RS16 con identificación CCC 2019-018 presentaba daños como consecuencia de la caída que afectaban al manillar de carbono (rotura), llanta delantera y diversos rascazos en el chasis. Asimismo, también se le observan daños en el casco de protección perteneciente a la marca Met que portaba el ciclista, consistentes en un rascazo situado en la parte superior del mismo.**”

3º).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 23/09/2025, dispón o seguinte:

“(...) b) Conocimiento de los hechos por los que se reclama: No se tuvo conocimiento de los hechos objeto de la reclamación.

c) Descripción y estado del lugar del accidente: (...) En fecha 19/03/2025 se realiza una inspección al citado tramo del paseo peatonal y se observa lo siguiente:

- En el arcén derecho con dirección Paseo de la Carolinas existe una ranura considerable a lo largo del tramo mencionado anteriormente (desde Calle Vionta hasta la cafetería “Confi-Arte” en las proximidades de la Calle Noro). Dicha ranura longitudinal va “in crescendo” considerablemente hasta llegar a una anchura de aproximadamente 3 centímetros en su lugar más ancho. Se adjuntan varias fotografías:





- En dicha ranura comprobamos en varios puntos su profundidad y nos encontramos que tiene una media de 12/13 centímetros de alto. Se supone que la losa de hormigón de la que está formada el carril bici es de 15 centímetros de grosor, entonces podría ser una profundidad muy parecida a esa.



- Vemos en algunos puntos desplazamiento horizontal de los bordillos que delimitan el carril bici por lo que la ranura aumenta su tamaño a su medida máxima antes mencionada de 3 centímetros aproximadamente.



- También se observa en el recorrido inspeccionado, un desplazamiento vertical de la losa de hormigón perteneciente al carril bici de 1,5/2 centímetros de



altura; lo cual es un posible peligro para las personas que circulan por la zona con bicicletas, monopatinos, patinetes, etc.



El carril bici tendría que estar en su totalidad bien definido en sus márgenes y totalmente uniforme en su superficie, aunque debe tener sus correspondientes juntas de dilatación, pero sin llegar a las separaciones observadas, que probablemente se produjeron porque debió moverse el relleno.

- d) Probable causa del accidente: Me remito a lo referido en el apartado b) y c).
e) Actuaciones para su reparación: A la fecha de la firma de este informe no se ha hecho ninguna, aunque es necesario realizar las actuaciones correspondientes para eliminar ese excesivo desplazamiento del carril bici. (...)”.

4º).- A testemuña proposta pola reclamante á que se lle tomou declaración, manifestou que o menor meteu a roda da bicicleta nunha fenda e caeu para adiante, polo que, xunto coa súa muller, procedeu a auxiliar ó menor ata que chegou a policía.

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos e lesións sufridos polo reclamante e o funcionamento do servizo público municipal. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada pola reclamante.

Con respecto ó **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada polo reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos acudir á Lei 35/2015, de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, coa actualización que corresponde ó ano 2024, que foi o ano no que tivo lugar o accidente polo que se reclama.

Así, en canto ás **lesións físicas**, en informe da enfermaría que achega o reclamante dispónse que a data na que finalizan as curas é o 31 de maio, o que da como resultado que se empregaran 23 días na curación das lesións (desde a data 09/05/2024 na que tivo lugar o accidente ata o 31/05/2024 data na que finalizan as curas). Eses 23 días de curación, enténdese que son de prexuízo persoal básico, porque o reclamante non achega informes médicos nos que acredite que o prexuízo persoal sufrido tivese a cualificación de moderado. É o propio reclamante o que cualifica o prexuízo persoal como tal no seu escrito rexistrado de entrada na data 08/04/2025 co número 202500008453, sen ningún tipo de acreditación. Por outra banda, as lesións sufridas polo menor, recollidas no informe médico de asistencia no centro de saúde o día da caída (abrasión no cóbado e ferida que precisou dous puntos de sutura), non parecen ter tanta gravidade como para que o lesionado perda temporalmente a posibilidade de levar a cabo unha parte relevante das súas actividades específicas de desenvolvemento persoal, que é como se define o prexuízo moderado no artigo 138.4 da Lei 35/2015.



Con eses datos médicos e aplicando o artigo 136 da Lei 35/2015, coa actualización das contías respecto do ano 2024, temos que:

- 23 días de prexuízo persoal básico x 37,06 euros = 852,38 euros.
- **Total por este concepto = 852,38 euros.**

Polo que respecta ás secuelas alegadas polo reclamante, non consta informe médico que acredite aquelas e a puntuación que lle correspondería. É o propio reclamante o que precisa a puntuación que lle corresponde, sen ningún tipo de criterio médico ó respecto.

- **Total por este concepto = 0 euros.**

En canto ós **danos materiais**, resultan acreditados tanto os danos na bicicleta, como os danos no casco de seguridade. Así se pon de manifesto no parte de servizo realizado pola policía local na data do sinistro. Así mesmo, a reclamante achega a factura de reparación da bicicleta e o xustificante de ter abonado o custe da reparación, que ascendeu a un total de 1.325 euros. Polo que respecta ó casco, achega xustificante do pedido realizado no seu día, por un importe de 221,85 euros.

- Gastos de reparación da bicicleta: 1.325 euros.
- Gastos de compra do casco: 221,85 euros.
- **Total por este concepto: 1.546,85 euros**

Sumando as contías por todos os conceptos expostos, procede recoñecer ó reclamante unha indemnización total por un importe de **2.399,23 euros**.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/11/2025, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 04/11/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Ramona M^a Alborés Mariño, en nome e representación do seu fillo D. Manuel Paz Alborés, polos danos e lesións sufridos como consecuencia dunha caída no Paseo de Coroso, na contía total de 2.399,23 euros.

No abono da referida contía corresponde ó Concello o pago ó reclamante de 150 euros, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data da caída, correspondendo á citada entidade aseguradora o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 2.249,23 euros.

30.- PROPOSTA DE OPTIMIZACIÓN DO TRÁFICO E ESTACIONAMENTOS NA CONTORNA DO RUEIRO DAS ABESADAS (RIBEIRA)

Queda sobre a mesa a proposta presentada pola Policía Local, de data 28/10/2025, relativa á optimización do tráfico e estacionamentos na contorna do rueiro das Abesadas (Ribeira).



31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), de data 29/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.981), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 08/11/2025; en horario de 21:00 h. a 01:00 h.

32.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 04/11/2025, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas á área de cultura, na que expón:

“Á vista das solicitudes recibidas na área municipal de Cultura referida a dispor do Uso Temporal de instalacións municipais adscritas a este departamento.

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural e social, promovido e organizado por entidades que carecen de ánimo de lucro e son abertos á cidadanía.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

*Previa consulta da axenda de reservas da instalación obxecto desta proposta, emítase **INFORME Favorable de Uso Temporal para a celebración das seguintes actividades organizadas polas entidades solicitantes:***

Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira. (A VV de Carreira)
(Rexistro 2025 24873 de 14/10/2025)

Casa de Cultura de Carreira

Sábado 15/11/2025 de 15.00 a 22.00h. Programa “Magosto en Carreira”

Peña Deportivista Corazón Branquiazul

(Rexistro 2025 25072 de 16/10/2025)

Auditorio Municipal, Praza dos Mariñeiros- Ribeira

Sábado 15/11/2025 de 18 a 23h. Celebración Monólogo: Roi Casal “Dépor Locura” ás 21horas (duración 75’).

Achega Programa de actos do XIV Aniversario Peña Corazón Branquiazul, no que consta unha actuación musical o domingo 16 de novembro de 13 a 15 horas (previos 11.30h e remate 16h) no exterior da Tasca do Peirao, sede da entidade (en caso de choiva dentro).“

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- **Autorizar** o Uso Temporal destas instalacións municipais en atención as solicitudes anteditas co obxecto de celebrar actos e programas organizados a instancia das propias entidades interesadas.
- **Trasladar** á Policía Local á actuación musical organizada pola Peña Deportivista Corazón Branquiazul o domingo 16 de novembro no exterior da sede ou en caso de choiva no interior (Tasca do Peirao) en horario de 13 a 15 h, previos 11.30h e remate 16h.
- **Notificar** o acordo a cada unha das entidades solicitantes xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNs DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

33.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE RIBEIRA PARA O USO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

Queda sobre a mesa a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 04/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Amas de Casa de Ribeira.



34.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL LAJAREU POR BARLOVENTO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 24/10/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en coordinar e complementar as ofertas deportivas dentro dos seus ámbitos de actuación, colaborando na organización e participación en eventos e actividades que poñan en valor a vela tradicional.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 31/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento, para o fomento da vela tradicional, con cargo a partida 341-48004 do orzamento municipal.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

35.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIBEIRA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 24/10/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en coordinar e complementar as ofertas deportivas dentro dos seus ámbitos de actuación, para a organización da Escola Municipal de Vela 2025.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 31/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Ribeira, para a organización da Escola Municipal de Vela 2025, con cargo a partida 341-48003 do orzamento municipal.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



36.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 31/10/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Real e Ilustre Cofradía da Dorna.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en fomentar, conservar e recuperar festas tradicionais como medio para preservar o patrimonio cultural do Municipio, nesta ocasión de forma particular as Festas declaradas de Interese Turístico de Galicia – “LXXVII Sinjladura Festa da Dorna”.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 31/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Real e Ilustre Cofradía da Dorna, para este exercicio 2025, organizadora da celebración da LXXVII Sinjladura Festa da Dorna.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

37.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E O MUSEO ETNOGRÁFICO-CENTRO RECREATIVO DE ARTES

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 03/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico-Centro Recreativo de Artes.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en manter aberta ao público a exposición das súas pezas durante un ano, deseñar e celebrar un programa de visitas guiadas e posicionar o museo como referente para o coñecemento da historia e a vida cotiá do municipio.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 03/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico-Centro Recreativo de Artes, cuio período de execución das actividades obxecto desta colaboración é o comprendido de 01 de novembro de 2024 ata 31 de outubro de 2025.



Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

38.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2025

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 31/10/2025, na que solicita se dea trámite ao correspondente procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria de achegas para apoiar as actividades de carácter cultural desenvoltas durante o exercicio 2025 polas entidades e asociacións sen ánimo de lucro formalmente constituídas.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 31/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria e bases específicas de achegas destinadas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para a promoción de actividades culturais correspondentes ao exercicio 2025.

39.- ACHEGA CONCEDIDA Á FEDERACIÓN POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL DE GALICIA - CULTURMAR (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado do Mar, Promoción do Litoral e Festexos, Fernando Abrales Pérez, de data 31/10/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Federación pola Cultura Marítima e Fluvial de Galicia (Culturmar).

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 31/10/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o libramento dos 20.000,00 € que o Concello ten que abonar á Federación pola Cultura Marítima e Fluvial de Galicia (CULTURMAR) ao ter realizado a xustificación total; posto que xa se realizou con anterioridade un anticipo do 50% polo importe de 20.000 €, da Subvención Nominativa de 40.000,00 €, aprobado na Xunta de Goberno Local ordinaria celebrada na data 10 de xullo de 2025. O coeficiente de financiamento da actividade queda fixado nesa cantidade, dado que unha achega superior provocaría un superávit no financiamento da actividade.

A cláusula terceira do convenio recolle o seguinte: O importe da subvención concedida en ningún caso poderá representar máis do 80% do custo das actividades. No caso de que a conta xustificativa presentada non cumprise o requisito anterior o Concello concederalle un prazo de 10 días para que proceda á emenda, e de non producirse a achega outorgada experimentará unha redución proporcional. Se a cantidade xustificada resulta inferior ao



75% do importe concedido, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

40.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA (GASTROMAR)

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Promoción do Litoral e Festexos, Fernando Abraldes Pérez, de data 03/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Riveira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da IV Feira Gastronómica Gastromar.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 04/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Riveira.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

41.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO (FESTA DO PERCEBE)

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Promoción do Litoral e Festexos, Fernando Abraldes Pérez, de data 03/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da XXVI edición da Festa do Percebe de Aguiño.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 04/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



42.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA (CAMPAÑA DE NADAL)

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 03/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Riveira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da Campaña de Nadal 202-2025.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 04/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Riveira.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

43.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN MOTOCUB OS REVENTAPISTÓNS (CAMPAÑA DE NADAL)

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 03/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motocub Os Reventapistóns.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da VII Concentración Moteira “Os Reventapistóns”, ano 2025.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 04/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motocub Os Reventapistóns.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



44.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA (CAMPAÑAS ANUAIS DE COMERCIO)

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 03/11/2025, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Riveira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración das Campañas anuais de Comercio do ano 2025.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 04/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Riveira.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

45.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA EN RÚA ESTRADA XERAL (CASTIÑEIRAS)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/11/2025, relativa á proposta de dotación dunha Zona de Estacionamento Limitado (Expres) na rúa Estrada Xeral (Castiñeiras), no que sinala:

“Por parte de Alejandro Vidal Álvarez, concelleiro de Deportes, Innovación e Novas Tecnoloxías, solicitouse Informe/Proposta da Policía Local de medidas tendentes ao favorecemento da actividade comercial na Rúa Estrada Xeral de Castiñeiras, onde os negocios teñen pouco espazo de aparcamento dispoñible para facilitar as compras aos seus clientes, feito este que perxudica o comercio local de proximidade.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, atribúe no seu artigo 8, letra b) aos Corpos de Policía Local a función de “Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no chan urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria”.

Así, en base a tal atribución, quen suscribe fai a seguinte:

Proposta para a dotación dunha Zona de Estacionamento Limitado (Expres)

PRIMEIRO. *A Rúa Estrada Xeral de Castiñeiras é unha travesía que transcorre polo centro urbano da parroquia de Castiñeiras e que se encontra dentro do trazado da Estrada DP-7307, cuxa titularidade corresponde á Deputación Provincial da Coruña.*

SEGUNDO. *O Real Decreto Lexislativo 9/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor establece no seu artigo 5, letra k) que corresponde ao Ministerio do Interior “A regulación, ordenación e xestión do tráfico en vías*



interurbanas e travesías, establecendo para estas últimas fórmulas de cooperación o delegación coas Entidades Locais, e sen perxuício do establecido en outras disposicións e das facultades de outros departamentos ministeriais”.

TERCEIRO. Feito o traballo de campo previo a esta proposta, observouse que a zona máis idónea para localizar esta dotación de aparcamentos limitados (**Zona Expres de 15 minutos**) sería na beiravía da marxen dereita en dirección Aguiño, a cal está actualmente habilitada como zona de estacionamento en liña, concretamente diante do inmovble número 160, quedando deste xeito moi próxima á Farmacia, ao estanco, pescadería, perruquería e demais comercios e establecementos hostaleiros do lugar.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Aprobar** a proposta de dotación dunha Zona de Estacionamento Limitado (Expres) na rúa Estrada Xeral (Castiñeiras), segundo o contido da citada proposta: (*Zona Exprés, regulada nos artigos 8, 9, 10 e 11 da Ordenanza Municipal de Circulación do Concello de Ribeira, con capacidade para dous (2) automóviles de turismo, cunha lonxitude total de 10 metros e 80 centímetros, a razón de 5 metros e 40 centímetros por cada unha das prazas*).
- Dar traslado deste acordo á entidade titular da vía solicitando a correspondente **solicitud previa de autorización** para a realización desta actuación por parte do Concello de Ribeira.

46.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA EN ESTRADA AC-303 (OLVEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/11/2025, relativa á proposta de sinalización viaria para a mellora da seguridade viaria na Estrada AC-303 – Pista de Pádel - (Olveira), no que sinala:

“Por parte de Carmen Pérez Gómez, concelleira de Promoción Económica, Emprego, Consumo e Xuventude, solicitouse Informe/Proposta da Policía Local de medidas tendentes á mellora da seguridade viaria no entronque situado ao carón da Pista de Pádel, na Estrada AC-303, ao seu paso pola parroquia de Olveira.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, atribúe no seu artigo 8, letra b) aos Corpos de Policía Local a función de “Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no chan urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria”.

Así, en base a tal atribución, quen suscribe fai a seguinte:

Proposta para a mellora da seguridade viaria

PRIMEIRO. A principal problemática neste punto é a falta de visibilidade que ten lugar cando os usuarios da pista de pádel estacionan os seus vehículos nas proximidades do entronque en cuestión.

SEGUNDO. Para evitar esta problemática podemos botar man de dúas solucións, dunha banda a colocación na marxen contraria dun ou incluso dous espellos, pois os estacionamentos impiden a visibilidade en ambas direccións (Ribeira e Corrubedo), ou doutra banda establece dúas zonas excluídas (cebreados) tanto á dereita como á esquerda do entonque.

TERCEIRO e DERRADEIRO. De ambas posibilidades, quen subscribe decántase pola segunda, xa que neste punto de conxunto en concreto, a colocación de espello/s presenta varios inconvenientes, a distancia superior aos 10 metros na marxen contraria e o lugar moi exposto ao vento e a choiva,



poden minguar en gran medida a súa visibilidade e polo tanto a súa efectividade. Así as cousas a mellor solución é o cebreado do entronque, de igual maneira que xa se fixo no seguinte cruce en dirección a Corrubedo, o cal vai ao lugar de Casanande. Tamén é necesario pintar unha sinal de STOP en substitución da sinal vertical."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a proposta de sinalización viaria para a mellora da seguridade viaria na Estrada AC-303 – Pista de Pádel - (Olveira), segundo o contido da citada proposta: *(Pintado de cebreado do entronque e unha sinal de STOP en substitución da sinal vertical)*.

47.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA -ESPELLO VIAL- EN CASANANDE (OLVEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/11/2025, relativa á proposta de sinalización viaria para a mellora da seguridade viaria -espello vial- en Casanande (Olveira), no que sinala:

"Por parte de Carmen Pérez Gómez, concelleira de Promoción Económica, Emprego, Consumo e Xuventude, solicitouse Informe/Proposta da Policía Local de medidas tendentes á mellora da seguridade viaria no lugar de Casanande, Olveira nun entronque afectado polo paso do Camiño "A Orixe".

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, atribúe no seu artigo 8, letra b) aos Corpos de Policía Local a función de "Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no chan urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria".

Así, en base a tal atribución, quen suscribe fai a seguinte:

Proposta para a mellora da seguridade viaria

PRIMEIRO. O camiño "A Orixe" colle cada ano máis pulo, sendo recorrido tanto por peregrinos a pé, como en bicicleta, polo que debe darse prioridade a garantir a seguridade destas persoas como usuarios máis vulnerables da vía.

SEGUNDO. Observado o entronque en cuestión, verifícanse como principais particularidades o firme de formigón, camiño estreito e cruce afectado por un muro creando ángulo morto.

TERCEIRO e DERRADEIRO. Á vista das características do apartado segundo, quen subscribe estima como medida máis oportuna para mellorar a seguridade viaria neste punto, a colocación dun espello, para o que tamén é preciso a poda parcial da masa arbustiva situada na marxe contraria ao entronque".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a proposta de sinalización viaria para a mellora da seguridade viaria en Casanande (Olveira), segundo o contido da citada proposta: *(Colocación dun espello vial)*.



48.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA EN RÚA FAFIÁN (RIBEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/11/2025, relativa á proposta de sinalización viaria para a mellora da seguridade viaria na Rúa Fafián (Ribeira), á altura do nº 14, no que sinala:

“Por parte de María José Sampedro Fernández, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Ribeira, solicitouse Informe/Proposta da Policía Local de medidas tendentes á mellora da seguridade viaria, debido á falta de visibilidade na saída do entonque localizado diante do inmovible número 14 do Lugar de Fafián, Ribeira.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, atribúe no seu artigo 8, letra b) aos Corpos de Policía Local a función de “Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no chan urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria”.

Así, en base a tal atribución, quen suscribe fai a seguinte:

Proposta para a mellora da seguridade viaria

PRIMEIRO. O cruce que nos ocupa carece de sinalización, xa que logo, no suposto hipotético da ocorrencia dun sinistro, a culpabilidade recaería nas persoas condutoras dos vehículos que circulan procedentes do antigo Matadoiro en dirección ao Cemiterio, pois estaríamos nun caso de prioridade de paso nun entronque en ausencia de sinalización, no cal os ditos condutores deberían ceder o paso á dereita, por ser esta unha vía igualmente pavimentada.

SEGUNDO. Á vista do apartado primeiro, o primeiro que cómpre facer é regular este entronque cunha marca viaria de STOP, dando preferencia á vía principal, sobre os condutores que pretenden incorporarse a esta.

TERCEIRO e DERRADEIRO. Á vista das características deste entronque en forma de “T”, no cal a vía principal configura unha curva e a vía secundaria chega á principal de maneira tanxencial e polo interior da dita curva, a visibilidade é moi reducida, non é posible a mellora da visibilidade mediante o pintado da vía, polo que a única medida que se pode adoptar para facilitar a visibilidade é a colocación dun espello orientado á esquerda do entronque, xa que a visibilidade á dereita é boa.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a proposta de sinalización viaria para a mellora da seguridade viaria na Rúa Fafián (Ribeira), á altura do nº 14, segundo o contido da citada proposta: *(Pintado no entronque dunha maca vial de STOP e a colocación dun espello vial).*

49.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA NO ENTROQUE DAS RÚAS FAFIÁN, MONUMENTO E NOVOA SANTOS (RIBEIRA)

Queda sobre a mesa a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/11/2025, relativa á proposta de sinalización viaria para a mellora da seguridade viaria no entronque das rúas Fafián, Monumento e Novoa Santos (Ribeira).



50.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE NADAL 2025-2026 DE DESEÑO DE CARTEL DE NADAL

VISTA a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 03/11/2025, na que propón a aprobación da convocatoria e bases reguladoras do **Concurso de Nadal 2025-2026 de Deseño de Cartel de Nadal**, según o contido do citada proposta; co obxectivo de poñer en valor e incentivar a participación da cidadanía nas celebracións de Nadal mediante a creación artística.

Vista a documentación que consta no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

APROBAR a convocatoria e bases reguladoras do Concurso de Nadal 2025-2026 de Deseño de Cartel de Nadal, según o contido do citada proposta.

RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES NOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP)

VISTA a necesidade de proceder ao nomeamento de representantes desta Corporación nos **GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP)**.

VISTA a proposta da Alcaldía, de data 06/11/2025, relativa ao nomeamento de representantes nos GALP.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o nomeamento como representantes do Concello de Ribeira nos GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) aos seguintes concelleiros/as:

1.-ALCALDESA-PRESIDENTA: Dna. María José Sampedro Fernández

2.-CONCELLEIRO DELEGADO DO MAR: D. Fernando Abraldes Pérez

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

